

Sony Ericsson Walkman 200  
**¡LIBRE!**



por **39€**

**simyo**  
MI PROPIA TELEFONÍA MÓVIL

Edición en galego

EDICIÓN IMPRESA:

**La Voz de Galicia**.es

PORTADA GALICIA DEPORTES SOCIEDAD DINERO ESPAÑA MUNDO OPINIÓN PARTICIPA BLOGS OCIO SERVICIOS CLA  
Cultura Gente Tendencias Tecnología Canal Si La Guía TV Hoy mujer XLSemanal

**POESÍA**

# Galaxia recupera a faceta poética de Xosé María Álvarez Blázquez

A editorial tamén publica un libro de Xosé María Álvarez Cáccamo

Jorge Lamas | 3/4/2008

Valoración (0 votos)

A colección Dombate, que a editorial Galaxia dedica á poesía, conta dende onte con dous novos títulos paridos na mesma familia. Trátase de **Canle segredo**, de Xosé María Álvarez Blázquez, e **Vento de sal**, do seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo.

A primeira referencia é unha reedición coincidente co feito de que este ano o Día das Letras Galegas sexa dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez. O libro foi escrito no ano 1953 e obtivo o Premio Eduardo Pondal no Centro Galego de Bos Aires, aínda que non foi publicado ata 1976 debido a problemas editoriais.

«Este ano é unha boa ocasión para situar as súas diferentes facetas creativas», di o seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo, que escribiu o prólogo desta edición. «El desenvolveu moitos paus creativos, e penso que este é o seu mellor libro de poemas, unha actividade que deixou de fomentar nos sesenta debido a que abocouse ás tarefas investigadoras», sinalou.

A tempéрана data da súa creación significa que o libro, no que latexan momentos de inspiración social e existencial, mesturados con intres de forte emoción lírica, se adianta nalgúns destes rexistros a títulos tan significativos desta época coma a propia **Longa noite de pedra** de Celso Emilio Ferreiro (1963).

Pola súa banda, **Vento de sal** é un poemario dividido en dúas partes temática

e estilísticas. Na primeira parte, Xosé María Álvarez Cáccamo presenta unha poesía intimista, nun formato breve, empregando un xeito expresivo máis directo do que ata o de agora adoitaba o autor. Na segunda parte, Álvarez Cáccamo se enfrenta a unha temática política, que expresa dun xeito estilístico máis longo. «Son poemas que fun publicando en actos colectivos co gallo do movemento Nunca Máis, hai poemas contra a guerra do Iraq, dedicados a Alexandre Bóveda, etcétera», explica o autor.

## Diferenza temática

A diferenza estilística entre ambas parte está motiva polas diferentes temáticas que afronta o autor. «Un libro que non é unitario ten que estar ben diferenciado, e neste caso, a poesía intimista require poemas curtos, namentres que a temática política precisa máis duración», subliñou Álvarez Cáccamo.

Dalgún xeito, aínda que non sexa máis ca dunha maneira simbólica, pai e fillo dialogan poeticamente, un ao carón do outro, neste lanzamento común, que tivo o seu acto material onte na cidade de Vigo. Diálogo de dúas voces en contraste, **Vento de sal** parte da procura da memoria íntima para se achegar, desde os instantes fundacionais do tempo pasado, ao presente dos acontecementos históricos colectivos. Xosé María Álvarez Cáccamo realiza o tránsito entre os textos de verbalización elíptica e crebada, en suxestión de ámbitos oníricos, e unha modulación de vontade épica, de proxección social e de denuncia. Unha nova inflexión da súa poética, que constata agora a imposibilidade de trazar a paisaxe da permanencia, co perenne contrapunto da transcendencia outorgada polos outros.

Compartir

[¿Cómo compartir?](#)

Noticias + vist

1. [Ultras de deportiv](#)

### ENLACES PATROCINADOS

#### 1. **Novedades Salud Bienestar**

[¿Quieres saber lo último para estar en forma? Encuentra tus trucos.](#)

[www.proximaati.com](http://www.proximaati.com)

#### 2. **Benecol de Kaiku**

[1er lácteo reductor de colesterol. Eficacia con ingrediente exclusivo.](#)

[www.kaikubenecol.com](http://www.kaikubenecol.com)

#### 3. **Ecología**

[Aprende cómo separar los diferentes tipos de envases, la importancia de hacerlo correctamente, sin confundirlos, para hacer posible su reciclaje. Gracias a tu colaboración podemos hacerlo!](#)

[www.ecoembes.com](http://www.ecoembes.com)

[ADSL](#) [CREDITOS](#) [FOTOGRAFIA](#) [HIPOTECAS](#) [INFORMATICA](#) [MOTOR](#) [REGALOS](#) [VIAJES](#)